

Estimado compañeiro queremos invitarte a una Asemblea da **ASOCIACIÓN DE ASESORES RURAIS DE GALICIA** o día 18 de outubro na EPSE do Campus de Lugo as 5 da tarde . Tamén se poderá seguir en remoto a través de MS- TEAMS para darche o enlace de acceso manda un correo electrónico a asesoresruraisgalicia@gmail.com

A ASOCIACIÓN DE ASESORES RURAIS DE GALICIA constitúese o 6 de setembro de 2021 pola inquedaanza dun grupo de persoas que traballan no Campo Galego e que ven necesario traballar en conxunto co fin de APOIAR O RURAL GALEGO PARA O SEU DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

Os distintos profesionais que traballan asesorando no Agro , e que conforman esta asociación , pretenden ser o nexo de unión entre as persoas que viven e traballan no rural e as distintas Administracións con competencias no mesmo.

Dende a entrada de España na CEE, os Asesores fomos o motor da transformación que aconteceu en Galicia. Dende a Actividade Privada e dende as Axencias de Extensión agraria, os Enxeñeiros Agrícolas , Agrónomos , Veterinarios, Economistas e outros axentes, traballamos para que o Medio Rural se puxera o nivel dos nosos veciños, os Franceses, Alemáns, Ingleses, etc ... e pensamos que o conseguimos sobradamente.

Na actualidade os desafíos non son menores. Para afrontar a reforma da POLITICA AGRARIA COMUN 2023-2027 e os retos en Cambio Climático y Demografía que están a acontecer a nivel Europeo no Rural , e necesario mais que nunca poñer en valor o traballo do Asesor Rural . Entendemos que e moi importante que traballemos da man o sector Publico e o sector Privado, unicamente así, seremos capaces de acadar os Obxectivos Transversais do PLAN EXTRATEXICO da nova PAC (Coñecemento e Innovación) e os Obxectivos específicos (incremento da competitividade, reequilibrio da cadea alimentaria, protección do medio ambiente, conservación da paisaxe e da biodiversidade , apoio ao relevo xeracional, protección da calidade dos alimentos e da saúde e consecución duns ingresos xustos para o mantemento de zonas rurais vivas).

A asociación vaise centrar en dous puntos fundamentais: Representación e Formación dos nosos asociados. Traballarase a prol de :

- Creación de espazos de traballo, debate e de inquietude dos Asesores Rurais.
- Representación en mesas sectoriais para artellar o intercambio de información entre os asesores rurais, os responsables políticos e outros axentes vinculados ao Medio Rural.
- Organización de Congresos, Cursos, Eventos e Xornadas formativas.
- Asesoramento e seguimento de novos asesores.
- Recoñecemento dos asesores como axentes de innovación, Dinamización e de Transferencia de coñecemento, tarefas principais que asigna o AKIS.
- Participación colaborativa cos centros de Investigación, Universidades publicas e centros de Capacitación.
- Establecemento da Asociación como fonte de información aos asesores coas novidades legislativas, normativas sectoriais e publicacións de interese técnica e científica.

Entendemos que cantas mais persoas se asocien maior poder de representación teremos, polo cal animámoste a que participes na Asemblea e que te asocies.

Fdo. : MARIA ELENA PIÑEIRO SOTELO
PRESIDENTA DA ASOCIACION DE ASESORES RURAIS DE GALICIA